



**ACTA DO TRIBUNAL PARA A VALORACIÓN DO 1º EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO/LISTA DE RESERVA DE UN/UNHA FUNCIONARIO/A INTERINO/A, TÉCNICO/A DE XESTIÓN ECONÓMICO-FINANCIERIA**

En Melide, a 21 de febreiro de 2024, ás 11.00 horas, reúnense baixo a presidencia de María Teresa Buján Mosquera os seguintes integrantes do Tribunal que se constitúe para valorar o 1º exercicio da fase de oposición das/os aspirantes para a creación dunha bolsa de traballo/lista de reserva de un/unha funcionario/a interino/a, técnico/a de xestión económico-financieira.

Presidenta: María Teresa Buján Mosquera  
Secretario: Jesús Manuel Cea Vázquez  
Vogais: Javier Siro Suárez Rodríguez  
Javier Anido Vázquez  
Joaquín Vázquez Rodríguez



A presidenta declara constituído o Tribunal e aberto o acto acórdase proceder á valoración do 1º exercicio da fase de oposición dos/as aspirantes presentadas:

**VALORACIÓN DO 1º EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO/LISTA DE RESERVA DE UN/UNHA FUNCIONARIO/A INTERINO/A, TÉCNICO/A DE XESTIÓN ECONÓMICO-FINANCIERIA**

O Tribunal á vista da base 8.1 das Bases da convocatoria formula a seguinte puntuación:

	Nome e Apelidos	PUNTUACIÓN
1.	Mª del CARMEN BOTANA RICO	Non presentada
2.	JESÚS M. PINTOS CAPEÁNS	Non presentado
3.	PILAR BERMÚDEZ GONZÁLEZ	<b>7 APTA</b>
4.	AIRAS HERMIDA FERNÁNDEZ	Non presentado
5.	JOSÉ LUIS FRANCO PINTOS	<b>5,67 APTO</b>
6.	SILVIA CAMEÁN CALVETE	Non presentada
7.	PEDRO VELASCO LÓPEZ	Non presentado

O Tribunal concede un prazo de 2 días hábiles a contar dende a publicación na sede electrónica do Concello de Melide do anuncio da valoración do 1º exercicio da fase de oposición para posibles reclamacións por parte dos/as aspirantes

E non sendo outro o obxecto desta reunión, dáse por rematado o acto, convócase ao Tribunal e aspirantes para a realización do 2º exercicio da fase de oposición e posterior lectura do mesmo na **CASA DO CONCELLO DE MELIDE** o martes **día 27 de febreiro de 2024 ás 10:00 horas**, dispoñendo a presidenta que se redacte a presente acta que asinan os membros do Tribunal ás 12:00 h, do que eu, SECRETARIO, certifico.

Melide, 21 de febreiro de 2024

O Tribunal



## ANEXO

### PRIMEIRO EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO/LISTA DE RESERVA DE UN/UNHA FUNCIONARIO/A INTERINO/A TÉCNICO/A DE XESTIÓN ECONÓMICO-FINANXEIRA PARA A SUBSTITUCIÓN TRANSITORIA DO TITULAR DA PRAZA, A TRAVÉS DO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN

#### 1. De acordo co artigo 18 da Constitución española de 1978:

- A) O domicilio é inviolable. Ningunha entrada ou rexistro poderá facerse nel sen consentimento do titular ou resolución xudicial, no caso de flagrante delito.
- B) O domicilio é inviolable. Ningunha entrada ou rexistro poderá facerse nel sen consentimento do titular ou resolución xudicial motivada, salvo en caso de flagrante delito.
- C) O domicilio é inviolable. Ningunha entrada ou rexistro poderá facerse nel sen consentimento do titular ou resolución xudicial, salvo en caso de flagrante delito.

#### 2. O artigo 17. Dous da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, de Estatuto de autonomía de Galicia establece que:

- A) A Xunta cesa tras a celebración de eleccións ao Parlamento galego: nos casos de perda da confianza parlamentaria, dimisión e falecemento do seu presidente/a.
- B) A Xunta cesa tras a convocatoria de eleccións ao Parlamento galego: nos casos de perda da confianza parlamentaria, dimisión e falecemento do seu presidente/a.
- C) A Xunta cesa tras a celebración de eleccións ao Parlamento galego: nos casos de perda da confianza parlamentaria, dimisión, incapacidade e falecemento do seu presidente/a.

#### 3. Segundo o artigo 47 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, os actos das administracións públicas son nulos de pleno dereito, entre outros, nun dos seguintes casos:

- A) Os actos da Administración que incorran en calquera infracción do ordenamento xurídico, incluso a desviación de poder.
- B) Os actos expresos ou presuntos contrarios ao ordenamento xurídico polos que se adquiren facultades ou dereitos cando se careza dos requisitos esenciais para a súa adquisición.
- C) Os ditados por órgano manifestamente incompetente por razón da xerarquía.

#### 4. De conformidade co artigo 87 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que leva por rúbrica "Actuacións complementarias":

- A) O acordo de realización de actuacións complementarias notificarase aos/ás interesados/as, concedéndoselles un prazo de cinco días para formular as alegacións que teñan por pertinentes tras a finalización destas. As actuacións complementarias deberán practicarse nun prazo non superior a dez días. O prazo para resolver o procedemento quedará suspendido ata a terminación das actuacións complementarias.
- B) O acordo de realización de actuacións complementarias notificarase aos/ás interesados/as, concedéndoselles un prazo de tres días para formular as alegacións que teñan por pertinentes tras a finalización destas. As actuacións complementarias deberán practicarse nun prazo non superior a sete días. O prazo para resolver o procedemento quedará suspendido ata a terminación das actuacións complementarias.
- C) O acordo de realización de actuacións complementarias notificarase aos/ás interesados/as, concedéndoselles un prazo de sete días para formular as alegacións que teñan por pertinentes tras a finalización destas. As actuacións complementarias deberán practicarse nun prazo non superior a quince días. O prazo para resolver o procedemento quedará suspendido ata a terminación das actuacións complementarias.

#### 5. Segundo establece o artigo 25 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, nos procedementos iniciados de oficio, o vencemento do prazo máximo establecido sen que se ditase e notificase resolución expresa non exime á Administración do cumprimento da obriga legal de resolver, producindo o seguinte efecto:

- A) O silencio terá efecto desestimatorio nos procedementos relativos ao exercicio do dereito de petición, a que se refire o artigo 29 da Constitución e nos procedementos de responsabilidade patrimonial das administracións públicas.
- B) No caso de procedementos dos que puidese derivarse o recoñecemento ou, no seu caso, a constitución de dereitos ou outras situacións xurídicas favorables, os/as interesados/as que comparecesen poderán entender desestimadas as súas pretensións por silencio administrativo.
- C) O sentido do silencio será desestimatorio nos procedementos de impugnación de actos e disposicións e nos de revisión de oficio.



**6. No artigo 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas determínase o seguinte:**

- A) O prazo para a interposición do recurso de alzada será de un mes, se o acto fose expreso. Transcorrido o devandito prazo sen interpoñerse o recurso, a resolución será firme para todos os efectos.
- B) O prazo para a interposición do recurso de alzada será de dous meses, se o acto fose expreso. Transcorrido o devandito prazo sen interpoñerse o recurso, a resolución será firme para todos os efectos.
- C) O prazo para a interposición do recurso de alzada será tres meses, se o acto fose expreso. Transcorrido o devandito prazo sen interpoñerse o recurso, a resolución será firme para todos os efectos.

**7. O artigo 17 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais dispón que os acordos provisionais adoptados polas corporacións locais para o establecemento, supresión e ordenación de tributos e para a fixación dos elementos necesarios en orde á determinación das respectivas cotas tributarias, así como as aprobacións e modificacións das correspondentes ordenanzas fiscais, expoñeranse no taboleiro de anuncios da entidade:**

- A) Durante trinta días, como mínimo, dentro dos cales os/as interesados/as poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.
- B) Durante vinte días, como mínimo, dentro dos cales os/as interesados/as poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.
- C) Durante quince días, como mínimo, dentro dos cales os/as interesados/as poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

**8. A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local estipula no seu artigo 27 que o Estado e as comunidades autónomas, no exercicio das súas respectivas competencias, poderán delegar nos municipios o exercicio das súas competencias, de tal xeito que:**

- A) A delegación deberá determinar o alcance, contido, condicións e duración desta, que non poderá ser inferior a catro anos, así como o control de eficiencia que se reserve a Administración delegante e os medios persoais, materiais e económicos, que esta asigne sen que poida supoñer un maior gasto das administracións públicas.
- B) A delegación deberá determinar o alcance, contido, condicións e duración desta, que non poderá ser inferior a cinco anos, así como o control de eficiencia que se reserve a Administración delegante e os medios persoais, materiais e económicos, que esta asigne sen que poida supoñer un maior gasto das administracións públicas.
- C) A delegación deberá determinar o alcance, contido, condicións e duración desta, que non poderá ser inferior a tres anos, así como o control de eficiencia que se reserve a Administración delegante e os medios persoais, materiais e económicos, que esta asigne sen que poida supoñer un maior gasto das administracións públicas.

**9. De conformidade co artigo 169 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, en relación á publicidade, aprobación definitiva e entrada en vigor do orzamento xeral das entidades locais:**

- A) Logo de aprobar inicialmente o orzamento xeral, expoñerase ao público, previo anuncio no boletín oficial da provincia ou, no seu caso, da comunidade autónoma uniprovincial, por 20 días, durante os cales os interesados/as poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno.
- B) Logo de aprobar inicialmente o orzamento xeral, expoñerase ao público, previo anuncio no boletín oficial da provincia ou, no seu caso, da comunidade autónoma uniprovincial, por 30 días, durante os cales os interesados/as poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno.
- C) Logo de aprobar inicialmente o orzamento xeral, expoñerase ao público, previo anuncio no boletín oficial da provincia ou, no seu caso, da comunidade autónoma uniprovincial, por 15 días, durante os cales os interesados/as poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno.

**10. A Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais determina unha serie de áreas de gasto que forman parte do seu Anexo I, relativo aos códigos da clasificación por programas dos gastos do orzamento das entidades locais e os seus organismos autónomos, entre elas non se atopa a seguinte:**

- A) Área de Gasto 10. Adquisición de inmovilizado material.
- B) Área de Gasto 0. Débeda Pública.
- C) Área de Gasto 2. Actuacións de protección e promoción social.

**11. Segundo o artigo 51 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, en materia de orzamentos, poderán dar lugar a unha baixa de créditos: (SINALE A RESPOSTA INCORRECTA)**

- A) O financiamento de remanentes de tesourería positivos.
- B) O financiamento de créditos extraordinarios e suplementos de crédito.

C) A execución doutros acordos do Pleno da entidade local.

**12. De acordo o artigo 52 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, en materia de orzamentos, a xestión dos orzamentos de gastos das entidades locais e dos seus organismos autónomos realizarase nunha serie de fases, nas que non se atopa a seguinte:**

- A) Disposición ou compromiso do gasto
- B) Ordenación do pagamento
- C) Proposta de pagamento.

**13. O artigo 167 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, referido á estrutura dos estados de ingresos e gastos das entidades locais, establece no seu apartado 3 o seguinte:**

- A) A clasificación económica constará de dous niveis, o primeiro relativo ao capítulo e o segundo ao artigo. Esta clasificación poderá ampliarse nun ou dous niveis, relativos ao concepto e a partida respectivamente.
- B) A clasificación económica constará de tres niveis, o primeiro relativo ao capítulo, o segundo ao artigo e o terceiro ao concepto. Esta clasificación poderá ampliarse nun ou dous niveis, relativos ao subconcepto e a partida respectivamente.
- C) A clasificación económica constará de catro niveis, o primeiro relativo ao capítulo, o segundo ao artigo, o terceiro ao concepto e o cuarto ao subconcepto. Esta clasificación poderá ampliarse no nivel de partida.

**14. A Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira estipula no seu artigo 7, que fai referencia ao principio de eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos, o seguinte:**

- A) A xestión dos recursos públicos estará orientada pola eficacia, a eficiencia, a economía e a calidade, a cuxo fin se aplicarán políticas de racionalización do gasto e de mellora da xestión do sector público.
- B) A xestión dos recursos públicos estará orientada pola eficacia, a eficiencia, a economía e a claridade, a cuxo fin se aplicarán políticas de racionalización do gasto e de mellora da xestión do sector público.
- C) A xestión dos recursos públicos estará orientada pola eficacia, a eficiencia, a simplicidade e a calidade, a cuxo fin se aplicarán políticas de racionalización do gasto e de mellora da xestión do sector público.

**15. Segundo o artigo 72 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais:**

- A) Tratándose de inmobles de uso residencial que se atopen desocupados con carácter permanente, os concellos poderán esixir unha recarga de ata o 60 por cento da cota líquida do imposto sobre bens inmobles.
- B) Tratándose de inmobles de uso residencial que se atopen desocupados con carácter permanente, os concellos poderán esixir unha recarga de ata o 50 por cento da cota líquida do imposto sobre bens inmobles.
- C) Tratándose de inmobles de uso residencial que se atopen desocupados con carácter permanente, os concellos poderán esixir unha recarga de ata o 70 por cento da cota líquida do imposto sobre bens inmobles.

**16. No artigo 81 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais estipúlase que non constitúe feito imponible do Imposto sobre actividades económicas o exercicio, entre outras, das seguintes actividades: (INDIQUE A RESPONSA INCORRECTA)**

- A) A exposición de artigos para agasallo aos clientes.
- B) A venda dos produtos que se reciben en pagamento de traballos persoais ou servizos profesionais.
- C) A exposición de artigos co fin exclusivo de decoración ou adorno do establecemento.

**17. Segundo o artigo 102 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, referente á base imponible, cota e devengo do Imposto sobre construcións, instalacións e obras:**

- A) O tipo de gravame do imposto será o fixado por cada concello, sen que o devandito tipo poida exceder do tres por cen.
- B) O tipo de gravame do imposto será o fixado por cada concello, sen que o devandito tipo poida exceder do cinco por cen.
- C) O tipo de gravame do imposto será o fixado por cada concello, sen que o devandito tipo poida exceder do catro por cen.

**18. Segundo o artigo 95 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, referente ao Imposto sobre vehículos de tracción mecánica:**

- A) As ordenanzas fiscais poderán regular, sobre a cota do imposto, incrementada ou non pola aplicación do coeficiente, unha bonificación de ata o 90 por cen para os vehículos históricos ou aqueles que teñan



unha antigüidade mínima de vinte e cinco anos, contados a partir da data da súa fabricación ou, se esta non se coñecese, tomando como tal a da súa primeira matriculación ou, na súa falta, a data en que o correspondente tipo ou variante se deixou de fabricar.

B) As ordenanzas fiscais poderán regular, sobre a cota do imposto, incrementada ou non pola aplicación do coeficiente, unha bonificación de ata o 90 por cen para os vehículos históricos ou aqueles que teñan unha antigüidade mínima de vinte anos, contados a partir da data da súa fabricación ou, se esta non se coñecese, tomando como tal a da súa primeira matriculación ou, na súa falta, a data en que o correspondente tipo ou variante se deixou de fabricar.

C) As ordenanzas fiscais poderán regular, sobre a cota do imposto, incrementada ou non pola aplicación do coeficiente, unha bonificación de ata o 100 por cen para os vehículos históricos ou aqueles que teñan unha antigüidade mínima de vinte e cinco anos, contados a partir da data da súa fabricación ou, se esta non se coñecese, tomando como tal a da súa primeira matriculación ou, na súa falta, a data en que o correspondente tipo ou variante se deixou de fabricar.

**19. No Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o artigo 107, relativo ao Imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, establece que a base imponible deste imposto está constituída:**

A) Polo incremento do valor dos terreos posto de manifesto no momento do devengo e experimentado ao longo dun período máximo de dez anos.

B) Polo incremento do valor dos terreos posto de manifesto no momento do devengo e experimentado ao longo dun período máximo de vinte anos.

C) Polo incremento do valor dos terreos posto de manifesto no momento do devengo e experimentado ao longo dun período máximo de quince anos.

**20. O artigo 29 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, estipula que terán a consideración de obras e servizos locais: (INDIQUE A RESPONSA INCORRECTA)**

A) Os que realicen as entidades locais dentro do ámbito das súas competencias para cumprir os fins que lles estean atribuídos.

B) Os que executen as entidades locais a título de donos dos seus bens patrimoniais.

C) Os que realicen outras entidades públicas, ou os concesionarios destes, con achegas económicas da entidade local.

**21. A Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local incorpora, como anexo, o Plan xeral de contabilidade pública adaptado á Administración local que se estrutura en cinco partes; na terceira delas dise que os documentos que integran as contas anuais comprenden:**

A) O balance, a conta do resultado económico patrimonial, as contas de control extraorxamentario, o estado de fluxos de efectivo, o estado de liquidación do orzamento e a memoria.

B) O balance, a conta do resultado económico patrimonial, o estado de cambios no patrimonio neto, as contas de control orxamentario, o estado de liquidación do orzamento e a memoria.

C) O balance, a conta do resultado económico patrimonial, o estado de cambios no patrimonio neto, o estado de fluxos de efectivo, o estado de liquidación do orzamento e a memoria.

**22. A Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local incorpora, como anexo, o Plan xeral de contabilidade pública adaptado á Administración local que se estrutura en cinco partes; na cuarta delas, relativa ao cadro de contas, recóllese como grupo 3:**

A) Contas financeiras

B) Existencias e outros activos en estado de venda

C) Acredores e debedores.

**23. No Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais dise no seu artigo 212, relativo á rendición, publicidade e aprobación da conta xeral das entidades locais, o seguinte:**

A) Os estados e contas da entidade local serán rendidas polo seu presidente/a antes do día 15 de maio do exercicio seguinte ao que correspondan.

B) Os estados e contas da entidade local serán rendidas polo interventor/a antes do día 15 de xuño do exercicio seguinte ao que correspondan.

C) Os estados e contas da entidade local serán rendidas polo seu presidente/a antes do día 15 de abril do exercicio seguinte ao que correspondan.

**24. De acordo co artigo 29 do Real decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local:**

A) O control financeiro da actividade económico-financiera do sector público local exercerase mediante o exercicio do control formal e a auditoría pública.



- B) O control financeiro da actividade económico-financieira do sector público local exercerase mediante o exercicio do control permanente e a auditoría pública.
- C) O control financeiro da actividade económico-financieira do sector público local exercerase mediante o exercicio do control material e da eficacia.

**25. Segundo artigo 223 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais:**

- A) As entidades locais renderán ao Tribunal de Contas, antes do día 15 de setembro de cada ano, a conta xeral a que se refire o artigo 209 desta lei correspondente ao exercicio económico anterior.
- B) As entidades locais renderán ao Tribunal de Contas, antes do día 15 de novembro de cada ano, a conta xeral a que se refire o artigo 209 desta lei correspondente ao exercicio económico anterior.
- C) As entidades locais renderán ao Tribunal de Contas, antes do día 15 de outubro de cada ano, a conta xeral a que se refire o artigo 209 desta lei correspondente ao exercicio económico anterior.

**26. Segundo o artigo 197 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais as entidades locais poderán concertar os servizos financeiros da súa tesourería con entidades de crédito e aforro, mediante a apertura, entre outros, dos seguintes tipos de contas:**

- A) Contas financeiras de colocación de excedentes de tesourería
- B) Contas abertas de dereitos pendentes de cobranza
- C) Contas restrinxidas sobre o estado de fluxos de efectivo.

**27. No artigo 150 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria dise que as actuacións do procedemento de inspección deberán concluír no prazo de:**

- A) 18 meses, con carácter xeral
- B) 12 meses, con carácter xeral
- C) 15 meses, con carácter xeral.

**28. O artigo 8 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria estipula que se regularán en todo caso por lei: (SINALE A RESPOSTA INCORRECTA)**

- A) A delimitación do feito impoñible, do devengo, da base impoñible e liquidable, a fixación do tipo de gravame e dos demais elementos directamente determinantes da contía da débeda tributaria, así como o establecemento de presuncións que non admitan proba en contrario.
- B) As consecuencias do incumprimento das obrigas tributarias respecto da eficacia dos actos ou negocios xurídicos.
- C) Os supostos que dan lugar ao nacemento das obrigas tributarias de realizar pagamentos a conta e o seu importe mínimo.

**29. De conformidade co artigo 20 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais as entidades locais poderán establecer taxas por calquera suposto de prestación de servizos ou de realización de actividades administrativas de competencia local, e en particular polos seguintes: (INDIQUE A OPCIÓN INCORRECTA):**

- A) Servizos de prevención e extinción de incendios
- B) Limpeza da vía pública
- C) Cemiterios locais.

**30. O artigo 46 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais determina, con respecto ao cobramento dos prezos públicos, que:**

- A) A obriga de pagar o prezo público nace desde que se inicie a prestación do servizo ou a realización da actividade e as entidades non deberán esixir o depósito previo do seu importe total ou parcial.
- B) Cando por causas imputables ao obrigado ao pago do prezo, o servizo ou a actividade non se preste ou desenvolva, procederá a devolución do importe correspondente.
- C) As débedas por prezos públicos poderán esixirse polo procedemento administrativo de constrinximento.

#### **PREGUNTAS DE RESERVA**

**1. De acordo co artigo 168 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais o orzamento da entidade local será formado polo seu presidente/a e unirase, entre outra, a seguinte documentación:**

- A) Liquidación do orzamento do exercicio anterior e avance do corrente, referida, polo menos, a catro meses do exercicio corrente.
- B) Liquidación do orzamento do exercicio anterior e avance do corrente, referida, polo menos, a cinco meses do exercicio corrente.



C) Liquidación do orzamento do exercicio anterior e avance do corrente, referida, polo menos, a seis meses do exercicio corrente.

**2. De conformidade co artigo 5 do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais.**

A) Os bens comunais e demais bens de dominio público son inalienables, embargables e imprescritibles e non están suxeitos a tributo ningún.

B) Os bens comunais e demais bens de dominio público son inalienables, inembargables e imprescritibles e non están suxeitos a tributo ningún.

C) Os bens comunais e demais bens de dominio público son inalienables, inembargables e imprescritibles e están suxeitos a tributación.

**3. De acordo co artigo 21 da Constitución española de 1978:**

A) Recoñécese o dereito de reunión pacífica e sen armas. O exercicio deste dereito non necesitará comunicación previa.

B) Recoñécese o dereito de reunión pacífica e sen armas. O exercicio deste dereito necesitará autorización previa da autoridade nos casos de reunións en lugares de tránsito público e manifestacións.

C) Recoñécese o dereito de reunión pacífica e sen armas. O exercicio deste dereito non necesitará autorización previa.

**CORRECTOR**

1	C	16	A
2	A	17	C
3	B	18	C
4	C	19	B
5	B	20	B
6	A	21	C
7	A	22	B
8	B	23	A
9	C	24	B
10	A	25	C
11	A	26	A
12	C	27	A
13	B	28	C
14	A	29	B
15	B	30	C

1	C
2	B
3	C